

PROXECTO DIDÁCTICO
CURSO 2015 - 2016

DEPARTAMENTO DE LINGUA INGLESA

IES FERNANDO ESQUÍO – NEDA

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización

1.1 Introducción

1.2. Contextualización

1.2.1. Profesores que imparten as materias e horarios

1.2.2. Características do centro

2. Competencias clave, estándares de aprendizaxe avaliáveis.

2.1. Contribución á adquisición das competencias clave.

2.2. Estándares de aprendizaxe

3. Obxectivos

4. Cuadro de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Contidos.

5. Temporalización.

6. Metodoloxía.

7. Materiais e recursos didácticos

8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción.

9. Seguimento e avaliación de alumnos pendentes.

10. Atención á diversidade.

11. Actividades escolares e complementarias.

12. Procedementos para avaliar a propia programación.

13. Programación 2º, 4º Eso, 2º Bacharelato.

14. Programación FP Básica.

15. Programación Investigación e tratamento da investigación.

1. Introducción e contextualización

1.1 INTRODUCCIÓN

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan

a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia

global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Primeira Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

1.2.1 PROFESORES QUE IMPARTEN AS MATERIAS DA ÁREA E HORARIOS

Cursos a cargo do Departamento:

1º ESO	(1 grupo con sección bilingüe)
2º ESO	(2 grupos)
3º ESO	(2 grupo, con 2 seccións bilingües)
4º ESO	(2 grupos, 1 PDC.)
1º BACH	(2 grupos)
2º BACH	(1 grupo)
FPB	(1 grupo)

Investigación e tratamento da información (1 grupo de 1º ESO)

Compoñentes do Departamento:nº Sesións /semana

Begoña López Soto	(Vicedirectora)	9
	Biblioteca	4
Laura Viñas Mayo		18
Rosa Paredes García	(Xefa de departamento)	14
Auxiliar de Conversa		12

HORARIOS DO PROFESORADO

Begoña López Soto:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08.30 – 09.20	Ing PDC	Ing 1BA	Ing PDC	GªDir.	GªDir.
09.20 – 10.10	TP	Ing 1BB	GªDir.	Ing 1BB	Ing PDC
10.10 – 10.30					
10.30 – 11.20	Ing 1BA	Gª Bib.	Gª Bibl.		GªDir.
11.20 – 12.10	R.Dir.	C:E:.	CE		
12.10 – 12.30					
12.30 – 13.20	Ing 1BB	GªDir.		Ing 1BA	
13.20 – 14.10			Ing 2B	GªDir.	
16.20 – 17.10				Gª Bibl	
17.10 – 18.00				Gª Bibl	

Laura Viñas Mayo

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08.30 – 09.20	Ing 3A		Ing 3B	Gda.	Ing 3A
09.20 – 10.10	Ing 1A-1A	Ing 3B	Ing 1A-1A	Ing 2B	
10.10 – 10.30					
10.30 – 11.20	Ing 4A	Ing 2B	Ing 3A	TP	Ing 3B
11.20 – 12.10	Ing 2A	Ing 2A	Ing 4A		Ing 2A

12.10 – 12.30					
12.30 – 13.20		Ing 4A			Ing 1A-1A
13.20 – 14.10	Ing 2B	Gda.	Tit 4A		Gda.
16.20 – 17.10					
17.10 – 18.00					

Rosa Paredes García:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08.30 – 09.20	Ing 3A	Ing FPB	Ing 3B	Ing 2bA	Ing 3A
09.20 – 10.10	Ing 1A	Ing 3B	Ing 1A	XD	Garda
10.10 – 10.30					
10.30 – 11.20	CE	XD	Ing 3A	Garda	Ing 3B
11.20 – 12.10		CB	CE		TP
12.10 – 12.30					
12.30 – 13.20		INTRA 1A	Garda		Ing 1A
13.20 – 14.10		Ing 2bA			Ing 2bA
16.20 – 17.10					
17.10 – 18.00					

1.2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES Fernando Esquíó é un centro situado no Concello de Neda, na foz do río Xuvia, na área metropolitana da cidade de Ferrol. As principais actividades económicas que dinamizan a vila son, sobre todo, a actividade agrícola do medio rural, o marisqueo, os empregos no sector servizos e sobre todo a actividade da industria naval asentada no veciño concello de Fene, aínda que coas sucesivas reconversións que tiveron lugar no sector, esta actividade decaíu drásticamente nos últimos anos. Esta situación motivou ademais un notable estancamento demográfico, pois o cese da incorporación de mano de obra foránea era un dos principais axentes de crecemento da poboación do municipio.

- *Descrición xeral do entorno:*

Semiurbán, pero dentro da área metropolitana de Ferrol.

- *Descrición xeral do alumnado:*

Clase media ou media-baixa. Aportación significativa de alumnos dunha zona rural próxima (Concello de San Sadurniño), que nos últimos anos experimenta un certo declive. En xeral, a actitude dos alumnos é boa, con baixa conflictividade e niveis de socialización aceptables.

O IES imparte ensinanzas de ESO e Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais. O número de alumnos estabilizouse os últimos anos arredor dos 200 alumnos, e ten unha plantilla en torno a 30 profesores, 2 bedeis e 1 administrativo.

2. Competencias clave, estándares de aprendizaxe avaliáveis e perfís competenciais

2.1. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

No Real Decreto 1631/2006, de ensinos mínimos, indícase a forma en que esta materia contribúe ao proceso de adquisición das competencias básicas, polo que recollamos expresamente o lexislado. O desenrolo das competencias básicas e a presenza da transversalidade foi o criterio que se tivo en conta á hora de selecciona-los novos textos para ESO e Bacharelato.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística* dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeneral. Unha aprendizaxe da lingua extraese baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. Por outra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

A partir da adquisición da linguaxe, este convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade de alumnos e alumnas para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de

comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa *competencia en tratamento da información e competencia dixital*. As tecnoloxías da información e da comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicarnos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con mozos doutros lugares, e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Así mesmo, na medida en que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe, é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia. Ademais por sorte os alumnos de hoxe en día cursaron ou cursan materias relacionadas coas novas tecnoloxías. Non son alleos ás tecnoloxías da información e da comunicación como recurso esencial para informarse, aprender e comunicarse, e así poden experimentar e empregar os materiais que contén o seu libro de texto. As editoriais coas que traballamos este curso (Macmillan e Oxford UP) inclúen a posibilidade de traballar on-line e empregar as novas tecnoloxías como vehículo de aprendizaxe xa que nelas está o futuro. E por outra banda as profesoras do departamento manexan recursos de aprendizaxe e produción de contidos mediante blogs, wikis... dos que os alumnos son usuarios e/ou produtores.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, xa que logo, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, vehicular en lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da *competencia autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón pór en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a *competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* e a *competencia matemática* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, dada a natureza dos materiais elaborados para a impartición desta materia, pódense atopar moitas oportunidades de desenvolver tamén estas competencias.

2.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1º ESO

BLOQUE 1

PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.

PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.

BLOQUE 2

PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.

PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

BLOQUE 3

PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.

PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.

BLOQUE 4

PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

BLOQUE 5

PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua.

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).

PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

3º ESO

BLOQUE 1

PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.

BLOQUE 2

PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiáns, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.

BLOQUE 3

PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional

PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.

PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).

PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.

BLOQUE 4

PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.

PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, *chats*, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese

PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

BLOQUE 5

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.

PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.

PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas

PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.

PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.

PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).

PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

1º BACHARELATO

BLOQUE 1

PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.

PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).

PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.

PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países).

PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese.

PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua

PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua

PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.

PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

BLOQUE 2

PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.

PLEB2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.

PLEB2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.

PLEB2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.

PLEB2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.

PLEB2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria,

comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.

PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións

PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación

BLOQUE 3

PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.

PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.

PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.

PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).

PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).

PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).

PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e

comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.

PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.

BLOQUE 4

PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.

PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)

PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).

PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos

PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.

PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

BLOQUE 5

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfire á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural

PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.

PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

3. Obxectivos.

3.1. ESO

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando os alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional,

multicultural e multilingüe á vez que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento do coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da *Estratexia de Lisboa*. Pola súa banda, o Consello de Europa no *Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras*, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas como para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do CURRÍCULO DA ÁREA.

O ensino da Lingua estranxeira nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- a) escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- b) expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía.
- c) ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- d) escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
- e) utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- f) desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
- g) utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
- h) apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
- i) valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- j) manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

3.2. BACHARELATO

- a) extraer a información global e específica de mensaxes orais emitidas en situación de comunicación cara a cara e por medios de reprodución mecánica que non esixan coñecementos especializados, reforzando a comprensión nunha situación de exame de listening como o da Proba de Acceso á Universidade.

- b) Participar en conversacións utilizando as estratexias adecuadas producindo un discurso comprensible e adaptado á situación e á intención.
- a) Extraer a información xeral e específica de textos auténticos de diferente tipo (descritivos, narrativos, argumentativos, explicativos) distinguindo as súas partes e sendo capaces de resumilos. Así como no emprego de distintos contextos comunicativos provinte do mundo dixital: foros, chats, e-mails, blogs....
- b) Ler de maneira autónoma, empregando correctamente o dicionario, libros graduados ou relacionados cós seus propios intereses, demostrando a comprensión mediante a realización dunha tarefa específica. Ler como parte do proxecto lector do centro.
- c) Redactar textos de certa complexidades atendendo a diferentes intencións comunicativas, respectando os elementos que aseguran a cohesión e coherencia do texto, de xeito que este sexa comprensible
- d) Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- e) Empregar as tecnoloxías coma un elemento máis de información na procura dunha competencia dixital.
- f) Identificar e interpretar os implícitos culturais que podan aparecer nos textos, apoiándose en claves lingüísticas e utilízalos para unha mellor comprensión do contido dos mesmos.
- g) Valorar a lingua inglesa como medio para acceder a outros coñecementos e culturas e recoñecer a importancia que ten para unha mellor comprensión da lingua e cultura propias, e como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural.
- h) Valorar criticamente outros modos de organizar a experiencia e estrutura as relacións persoais comprendendo o valor relativo das convencións e normas culturais.

4. Cuadro de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

1º de ESO

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> - Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - Uso dos coñecementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. ▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
	<p>referenciais sobre o tema.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de palabras chave. - Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). - Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. - Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. 	<p>previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. ▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de 	<p>prioridade inmediata.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez. ▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. ▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. ▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
		<p>contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes. 		
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Execución. <ul style="list-style-type: none"> – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. ▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiño sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. ▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). ▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCE ▪ C

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
	<p>dificultades e os recursos lingüísticos disponibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión. - aralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Petición de axuda ou clarificación. - Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. - Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. 	<p>nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. ▪ PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
		<p>sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. 		
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación. <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. – Execución. <ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). ▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. ▪ PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). ▪ PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortésia, e a etiqueta se 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO

OBXECTIVOS	CONTIDOS DA ASIGNATURA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE CLAVE
	<p>cada tipo de texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. ▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital. 	<p>utiliza as redes sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. ▪ PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCE ▪ C
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
O libro de texto English for Life presenta unha temática variada con técnicas para motivar aos alumnos paso a paso a partir do traballo en temas axeitados para a idade dos alumnos, cancións moi actuais en cada unidade e o material lingüístico, gramatical e discursivo suficiente para consolidar os mínimos do segundo ciclo de ESO e permitir que os alumnos que superen o curso poidan expresarse en inglés con suficiencia.

English For Life procura achegar medidas múltiples para garantir que os alumnos que precisan diversificación poidan consolidar os mínimos utilizando a lingua castelá como enlace entre a lingua materna e a inglesa. Utilizando un esquema simple de catro bloques que lles centra no que están a facer, este Proxecto Curricular pretende desenvolver competencias comunicativas nos alumnos que lles permitan comprender e expresarse en inglés á vez que lles proporcione mecanismos para coñecer a cultura inglesa. Deste xeito preténdese atender á diversidade, e búscase que os alumnos poidan apreciar e gozar coa lingua inglesa e practicar o aprendido cos compañeiros.

TEMPORALIZACIÓN

Tendo en conta a diversidade que caracteriza este agrupamento, plantexamos unha distribución dos contidos que permita cos alumnos conserven e reforcen o nivel acadado no curso anterior, e asimilen unhas nocións mínimas dos contidos do curso no que están, 3º ou 4º da ESO.

Calculando unhas 50 sesións no curso, tendo en conta que o libro de texto contén 80 unidades programaránse 40 unidades didácticas por curso, 3º e 4º, as unidades agrúpanse en 3 bloques, un correspondente a cada avaliación.

Esta temporalización adaptarase de xeito flexible ás necesidades didácticas dos alumnos que se detecten na avaliación inicial ou no posterior desenrolo do curso, así empregarase o libro de texto para toda a etapa ademais dos recursos que facilita a editorial coa súa páxina web interactiva.

OBXECTIVOS DA ÁREA

En canto á comunicación oral e escrita, o alumno será capaz de comprender a idea principal e datos relevantes das mensaxes orais emitidas polo profesor e por medios mecánicos.

Os alumnos poderán realizar conversacións sinxelas sobre os temas tratados no curso: por exemplo: dar información persoal, preguntar prezos, etc.

O alumno poderá ler textos sacando información xeral e específica dos temas dados na clase: people's descriptions, family habits, differences, etc.

O alumno será capaz de alcanzar nas súas producións escritas e probas o grao de corrección correspondente ao seu nivel: uso correcto de "to be", concordancia do auxiliar "do" en interrogativas e negativas, etc.

O alumno poderá escribir sobre os "topics" dados na clase sen demasiados erros, facéndose entender e comunicándose aínda que as súas producións non sexan gramaticalmente perfectas.

O alumno adquirirá unha conciencia das implicacións socioculturais da lingua inglesa no mundo, como vehículo de intercambio de ideas a nivel internacional e non só como algo á cultura británica e anglosaxona. Desenvolará o seu interese por outras culturas ás que o coñecemento do inglés nos achega.

5.5 Organización e metodoloxía

Todas as unidades didácticas presentan unha estrutura similar organizada en catro bloques de contidos:

- O primeiro bloque, escoitar, falar e conversar contempla os usos e formas da comunicación oral. Neste apartado e traballado de formas diferentes encóntranse sempre exercicios de comprensión oral a partir de listenings, e un apartado de expresión oral. Este último apartado adoita ser un diálogo entre compañeiros a partir de estruturas traballadas e moi conectadas co tema que se está a traballar. Todas e cada unha das unidades amplían o bloque a partir dun modelo. A continuación súxírese que os alumnos digan o seu para que practiquen o uso da lingua.

- O segundo bloque, ler e escribir, fai énfase nas formas de comunicación escrita. Sempre se parte dun modelo, un reading, o segundo de cada unidade, o cal proporciona un modelo de utilización do vocabulario aprendido, estruturación dos parágrafos, uso dos conectores e dun estilo de escritura. Inmediatamente a continuación pídesse que se produza un texto semellante ao

presentado. Así, os alumnos ven o xeito de facer descrições sinxelas, narrar acontecementos, escribir cartas e en definitiva explotar os contidos aprendidos elaborando textos ao seu gusto, pero produtivamente.

- O terceiro bloque, Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso, considera a reflexión lingüística sobre a lingua e a súa aprendizaxe. Trátanse distintas posibilidades variando dende o estudo do vocabulario, a gramática, diferenzas entre a lingua materna e o inglés e consellos de estudo e organización de tarefas en xeral. O primeiro apartado de cada unidade dedícase ao vocabulario, seguido dun diálogo onde se amplía o vocabulario estudado. Pártese da aprendizaxe e memorización comprensiva das palabras e expresións, para despois poder afrontar temas diferentes en cada unidade e ligar as palabras aprendidas vendo que son listas de cousas, e que teñen a súa utilidade. A continuación, preséntase a gramática a través de táboas exemplo e oracións en contexto segundo o tema. Esta reflexión sobre a lingua sitúaos en materia e súxírese unha práctica extensiva a partir de materiais diferentes, ben sexa no libro do alumno, ou no do profesor.

- O cuarto bloque, Aspectos socioculturais e conciencia intercultural, traballa os aspectos socioculturais. Por un lado, encontran unha historia en forma de cómic que segue en cada bloque de catro leccións, That's Life, que pretende que o alumno recorde o fío dunha historia e sexa capaz de explicar, resumir e anticipar os feitos que se presentan. Por outro lado hai un diálogo de inglés funcional que posibilita ao alumnado a práctica extensiva da linguaxe aprendido.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA o PDC:

Tal e como se contempla na etapa da ESO convencional a avaliación da aprendizaxe é continua e formativa. O profesor decidirá, ao remate do curso, se o alumno ou a alumna superou os obxectivos desta avaliando tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino.

A cualificación de cada avaliación construírase do seguinte xeito:

50% Probas obxectivas de Avaliación (speaking,listening,reading,writing,grammar)

50% traballo observado na clase durante o trimestre (project work,group work, workbook,writing, speaking,...),na casa (homework e recursos na na web) e actitude

2º Bacharelato

MATERIAIS.

- Libro de texto : "Award 2" de Jayne Wildman, Peter May, and Sylvia Wheeldon, editado por Macmillan
- Award 2 Exam Trainer
- CD de audio
- Students' CD ROM para o alumno con Actividades lúdicas de práctica gramatical e de vocabulario para consolidar os coñecementos adquiridos nas unidades principais do curso.
- OUP Web page

- “Reader” de lectura adaptada (Título por decidir)
- Material de apoio fotocopiabile
- Vídeo ‘Successful Speaking’
- Common European Framework Portfolio CD

CONTIDOS CONCEPTUAIS.

A) Usos e formas da comunicación oral e escrita

- Comprender a idea xeral de textos sobre o mundo da educación no Reino Unido, e identificar detalles laientabeis nos mensajes orais relacionados con eles. M
- Expresarse con fluidez empregando a correcta pronuncia-entonación en conversas expresando preferencias. M
- Comprender a información de textos escritos, relacionados cos seus intereses, procedentes de diversas fontes, tales como textos sobre anos sabáticos nos países Anglosaxóns.
- Escribir textos formais detallados con diversos fins, empregando as estruturas, función e vocabulario axeitados, tales como escribir un e-mail persoal. M
- Empregar as tecnoloxías da información e comunicación para identificar e evaluar as súas habilidades lingüísticas,
- Analizar cuestións xeográficas, históricas, artísticas, literarias e sociais relacionadas cos países Anglo-Saxóns, mediante a comparación do sistema educativo neses países co noso.
- Comprender a idea xeral de textos sobre ciencia, e identificar detalles salientables en mensajes orais relacionados con eles. M
- Expresarse con fluidez coa correcta pronunciación-entonación en conversas sobre descubrimentos científicos. M
- Comprender a información de textos escritos, relacionados có seus intereses, procedentes de diversas fontes, tales como textos sobre a materia gris.
- Escribir textos formais detallados con diversos fins, usando estruturas, funcións e vocabulario axeitados, tales como escribir unha redacción a favor ou en contra. M
- Analizar cuestións xeográficas, históricas, artísticas, literarias e sociais relacionadas cos países Anglo-Saxóns, mediante a comparación de cuestións científicas deses países có noso.
- Comprender a idea xeral de textos sobre delincuencia, e identificar detalles salientables en mensajes orais relacionados con eles.
- Expresarse con fluidez e emprego da correcta pronuncia-entonación en conversacións describindo fotos. M
- Comprender a información de textos escritos, relacionados có seus intereses, procedentes de diversas fontes, tales como textos sobre o *Innocence Project*. M

- Escribir textos formais como escribir un ensayo de opinión sobre o uso das armas. M
- Comprender la idea general de textos sobre cuestións medioambientales, e identificar detalles relevantes nas mensaxes orais relacionados con eles. M
- Expresarse con fluidez coa correcta pronunciación-entonación en conversas sobre “roupa ecolóxica”. M
- Comprender a información de textos escritos, relacionados cós seus intereses, procedentes de diversas fontes, tales como textos sobre una illa respetuosa co medio ambiente.
- Escribir textos formais como escribir una carta formal.
- Comprender a idea xeral de textos sobre cuestións sociais, e identificar detalles salientables en mensaxes orais relacionados con ellos. M
- Expresarse con fluidez coa correcta pronunciación-entonación en conversas sobre os problemas sociais máis serios da actualidade. M
- Comprender a información de textos escritos como textos sobre rapazas xogadoras.
- Escribir textos formais como escribir un ensayo de opinión. M
- Comprender a idea xeral de textos sobre música, e identificar detalles salientables en mensaxes orais relacionados con eles.
- Expresarse con fluidez coa correcta pronuncia-entonación en conversas sobre grupos e cantantes que lles gustan. M
- Comprender a información de textos escritos como textos sobre grupos que tocan en directo nas casas da gente.
- Escribir textos formais detallados como escribir unha descripción dun evento. M
- Comprender a idea xeral de textos sobre traballos a tempo parcial, e identificar detalles salientables en mensaxes orais relacionados con eles.
- Expresarse con fluidez coa correcta pronuncia-entonación en conversacións sobre traballos e cartos. M
- Comprender a información de textos escritos, relacionados cós seus intereses, procedentes de diversas fontes, tales como textos sobre traballos de verán.

B) Reflexións sobre a lingua e a súa aprendizaxe

B.1. Funcións da linguaxe e gramática

- Repasar os conectores (*and, so, but, because*) para relacionar ideas e responder a preguntas abertas M
- Emprego de expresións sobre preferencias M
- Comprender e empregar correctamente as estruturas gramaticais relacionadas coas oracións de relativo M
- Tense review: present and past tenses, simple and continuous forms. M

- Present perfect and past simple, future forms, will, going to. M
- Practicar a formación e o uso das oracións de relativo tanto especificativas como explicativas.
- Relative pronouns. Defining and non-defining relative clauses. M
- Omission of relative pronouns. Prepositions with relative pronouns.
- Modal verbs: advice, necessity, obligation and prohibition; ability and permission; possibility and certainty. M
- Modals + perfect infinitives M
- Mostrar acordo e desacordo. Dar explicacións. M
- Oración composta.
- Conectores para expresar contraste, finalidade e causa, e consecuencia M
- Expresar condicións, desexos e arrepentimento utilizando as estruturas máis adecuadas para iso. M
- First, second and third conditionals. M
- Unless, even if, as long as, providing that.
- Transformacións: oracións condicionais. M
- Estilo indirecto das afirmacións, ordes e peticións. M
- Expresións de lugar e tempo. M
- Reporting verbs. M
- Cubrir todos os aspectos da voz pasiva: regras de formación, transformacións, estruturas e verbos propios da voz pasiva (con ou sen *by*). Verbos con dous obxectos.
- A pasiva con *reporting verbs*.
- Desexos e reproches. M
- Uso do xerundio e do infinitivo. M
- Verbos + xerundio /infinitivo.

B.2. Vocabulario

- Educación.
- La educación superior: *vocational training, a gap year, an apprenticeship, etc.*
- *Street Talk: to be skint, to be in two minds*
- *False friends: career*
- Gerundios e infinitivos
- Verbos que pueden ir seguidos por gerundio o infinitivo: *stop, remember*
- Vocabulario relacionado coa ciencia
- *Phrasal verbs* y adjetivos compuestos

- Palabras relacionadas con la ciencia: *astronomy, Biología, chemistry, etc*
- Profesiones relacionadas con la ciencia: *astronomer, biologist, mathematician, etc*
- *Street Talk: It's not really for me, We'd be nowhere without it*
- *False friends: familiar, realize*
- *Phrasal verbs: look into, go over, find out, etc*
- Adjetivos compuestos: *ground-breaking, trouble-free, mass-produced, etc*
- Palabras relacionadas con la delincuencia: *assault, burglary, etc.*
- Personas y lugares relacionados con la delincuencia: *criminal, detective, court, prison, etc.*
- *Street Talk: be on your guard, make a big deal out of something*
- *False friends: record*
- Sufijos de adjetivos: *-ive, -less, -al, -ful, etc*
- *too y enough*
- Cuestiones medioambientales; nombres compuestos y *phrasal verbs*
- Cuestions medioambientais: *deforestation, global warming, landfills, etc*
- *Street Talk: It's a bit daft, We can all do our bit*
- *False friend: library*
- Nomes compostos: *carbon emissions, ozone layer, rainforest, etc*
- *Phrasal verbs: throw away, cut down, use up, etc*
- Cuestiones sociales: *equal pay, gender discrimination, life expectancy, etc*
- *Street Talk: to make ends meet, it's a disgrace*
- *False friend: balance*
- Sufijos de sustantivos: *-ion, -ment, -ness, -ity, etc*
- *Collocations con do, have y make: do business with, have a good time, make a complaint, etc*
- Instrumentos musicales: *drums, keyboard, trombone, etc*
- Estilos musicales: *beat, catchy, tune, folk, etc*
- *Street Talk: to be a big fan of, I'm not fussed*
- *False friend: success*
- Adverbios: *beautifully, nervously, well, etc*
- Construcción de palabras: *attract, attraction, attractive, etc*
- Trabajos a tiempo parcial

B3. Fonética

- Os alumnos aprenden a pronuncia correcta a través das actividades de *Listening*, e o uso dos CDs de clase

- Os alumnos tamén practican a pronuncia a través das actividades de *Speaking*
- O son /eɪ/
- Os sons /g/ e /dʒ/
- Os sons /θ/ e /ð/
- O son /ʃ/
- Os sons /ɪ/ y /i:/
- Entonación: facer preguntas
- Acento da palabra: palabras de máis dunha sílaba
- Acento e ritmo da oración.

B4. Aspectos socioculturais

- Nota socio-cultural sobre Malawi, Diseño de Entretenimiento Tecnológico (TED), William Kamkwamba y Moving Windmills
- Malawi, Diseño de Entretenimiento Tecnológico (TED), William Kamkwamba y Moving Windmills
- La educación superior en Reino Unido y los años sabáticos
- Programas de ciencia de la televisión británica
- Inventores e inventos escoceses
- Tendas benéficas e de segunda man no Reino Unido
- *Joysxee Island*, una isla respetuosa con el medio ambiente frente a las costas de México.
- La moda de los conciertos privados en casas
- Programa venezolano de educación musical *El Sistema*
- Citas famosas sobre trabajos

C.8.- FORMACION PROFESIONAL BASICA.

8.1 OBXECTIVOS XERAIS DE AREA

Os **obxectivos xerais** da Área son:

1. Comprender e usar correctamente vocabulario relacionado cos campos semánticos tratados ao longo do curso: países e nacionalidades, tecnoloxía, familia, transporte, traballo, roupa, cores, comida, lugares, saúde.
2. Aprender e utilizar en contextos reais frases útiles para viaxar en países de fala inglesa.
3. Entender o funcionamento e usar correctamente estruturas gramaticais co verbo *to be* en tempo presente, nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa, e en tempo pasado.
4. Coñecer e aplicar de xeito correcto *have got* en tempo presente para diferentes contextos.

5. Comprender e utilizar o presente simple de diferentes verbos.
6. Repasar e practicar os adxectivos posesivos de xeito axeitado.
7. Formular preguntas utilizando as *questions words* e establecer paralelismos coa lingua materna.
8. Estudar e aplicar de xeito axeitado os adverbios de frecuencia.
9. Coñecer a estrutura *there is/there are* para falar de cousas que hai ou non hai nun lugar.
10. Coñecer como se constrúe o *present continuous* e o seu correcto uso.
11. Utilizar *can* para falar de habilidades e das cousas que podemos ou non podemos facer.
12. Estudar a formación do *past simple* nos verbos regulares e os irregulares para falar do pasado.
13. Aprender a usar de xeito correcto a estrutura *be going to* para falar de plans.
14. Entender o funcionamento dos comparativos e utilízalos de forma axeitada.
15. Utilizar correctamente e de xeito combinado o vocabulario estudado e as estruturas gramaticais presentadas durante o curso.
16. Aprender e practicar expresións habituais usadas nas presentacións formais e informais e no intercambio de información persoal.
17. Ler distintos tipos de textos, como por exemplo unha páxina web, un chat ou un artigo, demostrando unha a súa comprensión xeral.
18. Identificar información xeral e específica en textos orais diversos mediante a escoita activa.
19. Recoñecer e practicar a pronunciación de certos sons característicos da lingua inglesa e pronuncialos correctamente.
20. Ser consciente da propia aprendizaxe completando as actividades da sección *Review*.
21. Comunicarse oralmente de xeito efectivo e utilizando as estruturas e o vocabulario aprendidos en situacións reais.
22. Escribir de xeito claro e eficiente, respondendo ao nivel esixido, diferentes tipos de texto aplicando os coñecementos adquiridos.
23. Traballar en proxectos colaborativos relacionados coas TIC aplicando os coñecementos adquiridos durante o curso.
24. Aprender técnicas de estudo útiles para a aprendizaxe continua, como por exemplo, crear un rexistro do vocabulario, utilizar un dicionario ou mellorar a pronunciación.
25. Utilizar os coñecementos adquiridos durante o curso en contextos relacionados co mundo laboral.
26. Aprender técnicas reais de busca de emprego aplicando a lingua inglesa, como por exemplo, elaborar un Currículo Vitae ou prepararse para unha entrevista de traballo.
27. Coñecer aspectos culturais de países anglosaxons, como por exemplo aspectos relacionados cos medios de transporte, a roupa, a comida, etc.

As **competencias para a aprendizaxe permanente, profesional, persoal e social** que o alumno desenvolverá con este módulo serán:

- a. Realizar unha lectura comprensiva dos textos escritos e unha escoita atenta dos textos orais, para sintetizar a idea principal e captar outras ideas secundarias.
- b. Producir mensaxes orais e escritos utilizando formas lingüísticas axeitadas ás distintas situacións seguindo modelos dados.
- c. Comprender e elaborar textos orais e escritos como resposta a diferentes situacións da vida cotiá, académica e laboral.

- d. Participar en intercambios comunicativos e expresar opinións baixo unha actitude de respecto e cooperación.
- e. Aprender a evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos racistas, sexistas, etc.
- f. Desenvolver unha actitude de respecto cara ás opinións e crenzas dos demais.
- g. Valorar con espírito crítico o papel dos medios de comunicación como base de enriquecemento e realización persoal.
- h. Utilizar con sentido crítico e responsable os medios de comunicación e as novas tecnoloxías recoñecendo a transcendencia que teñen no mundo actual.
- i. Perfeccionar a pronunciación, o ton e o léxico para mellorar a competencia comunicativa.
- j. Apreciar o coñecemento da lingua como medio para comprender a realidade e desenvolver as capacidades intelectuais.
- k. Valorar a lectura como fonte de información e como actividade de ocio.
- l. Buscar, procesar e organizar a información obtida a través de diferentes fontes: dicionarios, internet, enciclopedias, etc.
- m. Organizar a información a través de diversas técnicas de tratamento da información como esquemas, resumos, mapas conceptuais, etc.
- n. Confeccionar traballos en papel ou en soporte dixital observando a orde lóxica e cumprindo coas normas de presentación escritas.
- o. Desenvolver actividades individuais e colectivas que favorezan o desenvolvemento da autonomía e a iniciativa persoal.
- p. Cooperar activamente nas situacións de aprendizaxe.

8.2.MATERIAL

- Libro de texto e workbook "English 1. Comunicación y sociedad", de Macmillan Profesional
- CDs
- DVD
- Os recursos da páxina web da editorial Macmillan
- Material complementario extra para Atención á diversidade,a cultura as TIC, o mundo do traballoe a mellora das competencias básicas.

8.3.TEMPORALIZACIÓN

O texto consta de 12 unidades e repartiranse a razón de 4 unidades por trimestre, calcúlense 3 sesións por unidade.

8.4. CONTIDOS

8.1.1 VOCABULARIO

Comprensión e práctica de vocabulario relacionado con países e nacionalidades.

Captación de información específica dun chat de internet para practicar o vocabulario

Aprendizaxe e posta en práctica de vocabulario relacionado coa familia e a tecnoloxía.

Aprendizaxe e posta en práctica de vocabulario relacionado co transporte a través de actividades variadas.

Comprensión e práctica de vocabulario sobre oficios e centros de traballo.

Extracción de información específica dun blog de internet para practicar o vocabulario
Comprensión e práctica de vocabulario relacionado coa roupa e os nomes das cores.

Identificación da orde dos adxectivos e utilización correcta destes

Identificación e práctica de vocabulario relacionado con comida.

Clasificación de vocabulario de comida en diferentes categorías

Aprendizaxe e práctica de vocabulario de lugares da cidade

Recoñecemento e práctica de vocabulario relacionado coa saúde e manterse en forma.

Identificación e práctica de vocabulario e expresións para desenvolverse e comunicar as súas necesidades básicas nunha viaxe a un país de fala inglesa.

8.4.2 GRAMÁTICA

Posta en práctica do verbo *to be* para dar información persoal e traballo do vocabulario da unidade.

Secuenciación de palabras para formular preguntas e respostas afirmativas e negativas co verbo *to be*.

Práctica do presente simple do verbo *have got* nas súas formas afirmativa e negativa utilizando vocabulario sobre tecnoloxía ao mesmo tempo que entran en contacto con vocabulario sobre familia.

Práctica do presente simple de diferentes verbos nas súas formas afirmativa e negativa utilizando vocabulario sobre horarios e rutinas.

Utilización do presente simple dun modo significativo para o alumno falando de rutinas e cousas que facemos habitualmente.

Práctica do *present simple* de distintos verbos nas súas formas afirmativa e negativa utilizando adverbios de frecuencia para falar de rutinas e recordar a forma negativa.

Aprendizaxe e utilización do *present simple* de varios verbos para falar de traballo.

Identificación do uso da estrutura *there is/there are*.

Comprensión e utilización de fórmulas para expresar preferencias: *like/prefer* + xerundio.

Práctica do uso do *present continuous* no contexto dun momento específico, como o momento en que se toma unha foto.

Comprensión do uso do presente simple do verbo *to be* nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa a partir da lectura dun artigo sobre unha viaxe estudantil.

Aprendizaxe da formación do *past simple* de verbos regulares e irregulares nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa.

Asimilación do uso do *past simple* de verbos regulares e irregulares contando unha anécdota.

Formulación e resposta a preguntas mediante o uso da forma interrogativa do *past simple* e as respostas curtas.

Identificación do uso da estrutura *be going to* a partir de contextos reais, como un artigo de prensa no que se fala de plans e intencións de futuro.

Práctica do uso de *be going to* nun contexto significativo nas súas formas afirmativa, negativa e interrogativa.

8.4.3 READING

Lectura dun formulario dun blog de internet para extraer información específica e realización dunhas actividades utilizando o vocabulario da unidade e o verbo *to be*.

Lectura dun cuestionario dunha revista para novos e resposta a preguntas de comprensión.

Comprensión dun texto que contextualiza o vocabulario sobre rutinas e horarios dunha familia.

Lectura dun artigo dunha revista para extraer información sobre as rutinas diarias de familias do Reino Unido e de España.

Comprensión e práctica da forma interrogativa e as respostas curtas do *present continuous* a partir da lectura dun chat dun servizo de mensaxería no que algunhas persoas din que están a facer nese momento.

Comprensión dun texto breve, un boletín dixital, sobre eventos e festivais no Reino Unido.

Extracción de información xeral e específica dun texto sobre hábitos de compra e tendas de moda.

Lectura dun texto breve, un informe curto, para aprender sobre prácticas saudables que axudan a ser mellor estudante.

Lectura dun artigo de prensa sobre movementos migratorios internacionais en Europa.

8.4.4. WRITING

Comunicación de información persoal nun contexto formal.

Contestación a un cuestionario dun blog a través dunha personalización.

Escritura dun email informal

Descrición dun obxecto tecnolóxico novo utilizando o vocabulario e as estruturas estudadas

Comprensión dun diálogo curto dun chat, dedución da información relevante que falta e extracción de información dun horario de tren.

Escritura dunha mensaxe de texto a partir da información que falta no chat e a información extraída do horario de tren utilizando o vocabulario e as estruturas estudadas na unidade.

Comprensión dun texto sobre o perfil dun estudante nunha rede social e atención ao uso de expresións para falar de actividades habituais.

Escritura do seu perfil nunha rede social para consolidar o aprendido na unidade a través dunha personalización, utilizando expresións para falar de frecuencia e de preferencias.

Escritura dunha actualización dun perfil dunha rede social para consolidar o aprendido na unidade a través dunha personalización, utilizando formas gramaticais e vocabulario estudado

Escritura dunha presentación sobre as súas vacacións preferidas aprendendo a usar un modelo como apoio e reutilizar as expresións aparecidas, as formas gramaticais e o vocabulario estudado

Comprensión dunha mensaxe online e as palabras e expresións dun recadro que servirán de modelo para a tarefa de *writing* posterior.

Escritura da súa mensaxe a partir do modelo anterior

Lectura dunhas mensaxes de mensaxería instantánea nas que se utiliza a estrutura *be going to* e vocabulario da unidade sobre plans e intencións de futuro.

Escritura das súas mensaxes aprendendo a usar o modelo como apoio, reutilizar as expresións aparecidas, as formas gramaticais e vocabulario estudado.

Comprensión dun formulario para solicitar un posto de traballo e o tipo de información requirida.

Escritura do formulario de solicitude redactando a información sobre eles mesmos que se require para o posto de traballo, reciclando vocabulario e estruturas estudadas anteriormente.

8.4.5 LISTENING

Escoita activa dunha gravación para practicar os números cardinais e identificación de información específica referente a números de teléfono, horarios, etc.

Escoita dunha gravación para captar información específica sobre familia e parentesco.

Identificación de información específica nunha gravación dunha situación real na que se reserva un cuarto de hotel.

Atención á pronunciación do son inicial /s/ mediante a escoita atenta dunha gravación.

Escoita dunha gravación para captar información específica, identificando as preposicións de tempo.

Escoita activa dunha gravación para captar información sobre as características dun billete de tren nunha situación real na que se quere realizar unha viaxe.

Atención á pronunciación dos sons propios das terminacións do presente simple: /s/, /z/ e /ɪz/ e posta en práctica.

Escoita activa dunha gravación para identificar palabras asociadas co campo semántico do traballo e expresións para dicir con qué frecuencia suceden algunhas cousas.

Identificación do uso de *there is/there are* nunha gravación e repaso dos números.

Atención á pronunciación do son "schwa" /ə/ , e pronunciación de xeito correcto de diferentes oficios.

Escoita dunha gravación para extraer información específica, neste caso expresións que seguen a forma *can* e información persoal.

Identificación da información xeral dun texto sobre unha oferta de traballo e unha fotografía e comparación das súas deducións coa información captada dunha gravación.

Práctica dunha entrevista de traballo utilizando as fórmulas interrogativas que aprenderon a partir das súas deducións e comparacións.

Atención á pronunciación do son /dʒ/ e pronunciación correcta de diferentes pezas de roupa.

Escoita dunha gravación para extraer información xeral sobre unha viaxe a Nova York e específica acerca de comida.

Identificación e comprensión do uso das preguntas con *Wh-* a través da escoita atenta a unha gravación e posteriormente formulación de preguntas e respostas sobre as súas experiencias no pasado.

Atención á pronunciación do son /h/ ao principio de palabras como *hotel, hamburger, healthy, holiday...*

Escoita dunha gravación para identificar o vocabulario de lugares dunha cidade.

Escoita de novo da gravación para entender as direccións duns lugares da cidade, poñendo atención nas preposicións de lugar.

Práctica das preposicións de lugar describindo o que aparece nunha fotografía.

Escoita dunha gravación sobre materias escolares co fin de extraer información xeral e específica, e identificar comparativos e as expresións *good at/better at*.

Asimilación do vocabulario da unidade e de materias académicas a través da escoita activa das gravacións de dous estudantes falando sobre as súas materias preferidas e dun conselleiro escolar.

Atención á distinción entre o son vocálico longo /i:/ e o curto /ɪ/ e posta en práctica.

Escoita dunha gravación para aprender vocabulario útil para preguntar por vacantes laborais e ofertas de traballo.

Identificación de estratexias e expresións útiles para desenvolverse no mundo laboral.

Reciclaxe do vocabulario e expresións estudadas ao longo do curso nun contexto significativo.

Atención á distinción entre o son /b:/ e /v/ a través de comparacións entre palabras similares.

8.4.6 SPEAKING

Escoita da gravación dunha conversación sinxela nun contexto informal e contestación a unhas preguntas.

Escoita da gravación dunha conversación sinxela no contexto dunha tenda.

Formulación de preguntas sobre os obxectos que queren dunha tenda e o seu prezo, co fin de consolidar o vocabulario e as estruturas aprendidas.

Utilización correcta de expresións para saudar e despedirse.

Escoita da gravación dunha conversación sinxela en torno unha persoa que compra un billete de tren.

Conversación sobre as súas rutinas utilizando as estruturas vistas na unidade, *present simple* e vocabulario sobre horarios e transporte.

Formulación e contestación de preguntas utilizando de xeito axeitado a fórmula interrogativa *Can I...?*.

Utilización correcta de expresións para saudar e despedirse.

Práctica da expresión de preferencias usando *like/prefer* + xerundio a través dun diálogo sobre prácticas deportivas.

Formulación e contestación de preguntas sobre os motivos polos que prefiren algunhas cousas.

Práctica da expresión de habilidades usando *can* nas súas formas afirmativa e negativa.

Utilización do *present continuous* para formular preguntas e respostas.

Escoita de xeito activo dun diálogo entre un camareiro e un cliente que servirá de modelo para practicar o vocabulario e as estruturas da unidade.

Uso correcto da forma apropiada de pedir o que queremos usando a estrutura *Can I have?* e o que quere o noso interlocutor utilizando *Would you like...?*.

Realización de tarefas de *speaking* por parellas mediante un *role play*, co fin de repasar o vocabulario e as estruturas gramaticais introducidas na unidade seguindo un diálogo modelo entre un cliente e un camareiro nun café.

Formulación de preguntas sobre direccións co fin de practicar expresións e preposicións de lugar.

Escoita de xeito activo dun diálogo entre unha monitora de fitness e unha persoa que se quere poñer en forma.

Uso de xeito correcto da estrutura *be going to* formulando preguntas sobre plans e intencións de futuro e utilizando o vocabulario da unidade.

Escoita de xeito activo dun diálogo nunha axencia de traballo e identificación de expresións útiles neste contexto.

Práctica de preguntas sobre vacantes laborais utilizando o vocabulario e as expresións aprendidas.

Resposta a preguntas relacionadas co ámbito laboral e a busca de traballo practicando vocabulario e estruturas xa coñecidas.

Uso de xeito correcto de expresións formais para saudar, despedirse, preguntar, agradecer, etc.

8.5 CONTIDOS MINIMOS

1. Comprensión e produción de textos orais básicos en lingua inglesa:
 - 1.1 Ideas principais en chamadas, mensaxes, ordes e indicacións moi claras.
 - 1.2 Descrición xeral de persoas, lugares, obxectos (do ámbito profesional e do público).
 - 1.3 Narración sobre situacións habituais e frecuentes do momento presente, pasado e do futuro.
 - 1.4 Léxico frecuente, expresións e frases sinxelas para desenvolverse en transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal ou profesional.
 - 1.5 Recursos gramaticais:
 - Tempos e formas verbais en presente, pasado; verbos principais, modais e auxiliares. Funcións comunicativas asociadas a situacións habituais e frecuentes.
 - Elementos lingüísticos fundamentais.
 - Marcadores do discurso para iniciar, ordenar e finalizar.
 - 1.6 Pronunciación de fonemas ou grupos fónicos de carácter básico que presenten maior dificultade.
 - 1.7 Uso de rexistros adecuados nas relacións sociais.
 - 1.8 Estratexias fundamentais de comprensión e escoita activa.
2. Participación en conversacións en lingua inglesa:
 - 2.1 Estratexias de comprensión e escoita activa para iniciar, manter e rematar a interacción.
3. Elaboración de mensaxes e textos sinxelos en lingua inglesa:
 - 3.1 Comprensión da información global e a idea principal de textos básicos cotiás, de ámbito persoal ou profesional.
 - 3.2 Léxico frecuente para desenvolverse en transaccións e xestións cotiás, sinxelas do ámbito persoal ou profesional.
4. Composición de textos escritos moi breves, sinxelos e ben estruturados.
 - 4.1 Recursos gramaticais:

- Tempos e formas verbais. Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
- Estruturas gramaticais básicas.
- Funcións comunicativas máis habituais do ámbito persoal ou profesional en medios escritos.

4.2 Elementos lingüísticos fundamentais atendendo aos tipos de textos, contextos e propósitos comunicativos.

4.3 Propiedades básicas do texto.

4.4 Estratexias e técnicas de comprensión lectora.

4.5 Estratexias de planificación e de corrección.

8.6 AVALIACION

A avaliación terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes .

O proceso de avaliación continua e formativa constará da aplicación permanente dunha serie de instrumentos que valoran a evolución dos alumnos e alumnas no seu proceso formativo.

8.6.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACION E CUALIFICACIÓN

A cualificación pode realizarse mediante:

- Actividades realizadas na aula.
- Cuestionarios.
- Probas obxectivas.
- Probas de comprensión de cada bloque.
- Participación en clase.
- Traballos esixidos.
- Resolución de actividades propostas polo propio profesor.
- Achega voluntaria de traballos por parte dos alumnos.

O 60% da cualificación corresponderá á obtida nas probas obxectivas,cuestionarios, probas de comprensión.

O 40% restante será a das actividades da aula, participación, traballos.

8.2.2 A) RESULTADOS DA APRENDIZAXE B) CRITERIOS DE AVALIACION

A) Utiliza estratexias para comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal ou profesional

-Participa en conversacións en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes do ámbito persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.

. Elabora textos escritos en lingua inglesa, breves e sinxelos de situacións de comunicación habituais e frecuentes do ámbito persoal ou profesional, aplicando estratexias de lectura comprensiva e desenvolvendo estratexias estruturadas de composición.

B) Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas.

Identificouse a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado

Identificouse o sentido global do texto oral que presenta a información de forma secuenciada e progresiva en situacións habituais frecuentes e de contido predicible.

Identificáronse trazos fonéticos e de ton comúns e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.

Realizáronse presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos, de ámbito persoal ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, no seu caso, medios informáticos.

Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.

Expresouse con certa claridade, usando un ton e pronunciación comprensible, aceptándose as pausas e dúbidas frecuentes.

Mostrouse unha actitude reflexiva e acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

Identificáronse as normas de relación social básicas e estandarizadas dos países onde fala a lingua estranxeira.

Identificáronse os costumes ou actividades cotiás da comunidade onde fala a lingua estranxeira.

Dialogouse, de forma dirixida e seguindo un guión ben estruturado utilizando un repertorio memorizado de modelos de oracións e conversacións breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible.

Mantívose a interacción utilizando estratexias de comunicación sinxelas para mostrar o interese e a comprensión.

Utilizáronse estratexias básicas de compensación para suplir carencias na lingua estranxeira.

Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto.

Expresouse con certa claridade, utilizando un ton e pronunciación comprensible, aceptándose as pausas e dúbidas frecuentes

Leuse de forma comprensiva o texto, recoñecendo os seus trazos básicos e o seu contido global.

Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.

Identificáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases e palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.

Completáronse e reorganizaron frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo, a normas gramaticais básicas.

Elaborouse textos breves, adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modelos estruturados.

Utilizouse o léxico esencial apropiado a situacións frecuentes e ao contexto do ámbito persoal ou profesional

Mostrouse interese pola boa presentación dos textos escritos, respectado as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas e seguindo sinxelas pautas de revisión.

Utilizáronse dicionarios impresos e online e correctores ortográficos dos procesadores de textos na súa composición.

Mostrouse unha actitude reflexiva e acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.